

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 31 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de ordenación forestal do monte veciñal en man común de Xestoso, na parroquia da Ribeira, no concello de Navia de Suarna (expediente 2021/0125).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental, do 30 de maio de 2022, do proxecto de ordenación forestal do monte veciñal en man común de Xestoso, na parroquia da Ribeira, no concello de Navia de Suarna (Lugo), promovido pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común (CMVMC) de Embornallas, Balsa e A Ribeira.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resolucions-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2022

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

